

# Lugares, paisaxes e territorios convertidos en palabras. Páxinas de encontro entre literatura, xeografía e turismo

XOSÉ SOMOZA MEDINA

Universidad de León

## **Resumo**

A xeografía e a literatura tiveron ao longo da súa historia moitos puntos de encontro, desde as descrições literarias de xeógrafos como Estrabón ou as impresionantes crónicas das viaxes de Marco Polo, ate as máis recentes investigacións que empregan as novas tecnoloxías da información xeográfica para trazar interesantes atlas literarios. Xa na Idade Media, os libros de viaxes foron unha fonte de coñecemento xeográfico e hoxe podemos estudar como os seus autores proxectaron subxectivamente as súas percepcións e sentimentos sobre os lugares, paisaxes e territorios descritos. A recente evolución do turismo internacional ofrece novas posibilidades para desenvolver guías especializadas que combinan xeografía e literatura.

## **Palabras chave**

Xeografía Humanista, literatura de viaxes, atlas literarios, guías turísticas.

## 1. Literatura e Xeografía, dous ámbitos da creación humana con interconexións

Segundo o *Diccionario* da Real Academia Galega, literatura é a arte que utiliza a palabra escrita ou oral como medio de expresión. Outra definición di que a literatura é a arte que ten por obxecto a expresión das ideas e sentimentos por medio da palabra. Se optáramos por sintetizar unha descrición xenérica poderíamos concluír que literatura é a arte de saber contar. Pola súa banda, a xeografía defínese no dicionario citado como a ciencia que estuda a superficie terrestre no aspecto físico e, así mesmo, nos que se derivan da relación do home co medio. Igualmente, sintetizando unha definición xenérica, poderíamos dicir que xeografía é a ciencia de saber ver o que nos rodea. Xa que logo, unha xeografía con calidade literaria sería aquela que sabe contar o que ve, e unha literatura con coñecemento xeográfico aquela que sabe ver o que conta.

Desde os comezos da humanidade, as relacións entre literatura e xeografía foron constantes. Os primeiros documentos escritos, ademais de contabilizar as posesións e levar conta dos tributos, tamén relataban as batallas entre os diferentes pobos, facendo descrições dos lugares descoñecidos. Por iso o primeiro mapa realizouse hai case dez mil anos e os grandes pobos guerreiros da antigüidade gravaban na pedra máis resistente os relatos das batallas libradas en lugares afastados. Estas descrições fóronse perfeccionando co tempo, e nas civilizacións grega e romana xa podemos falar das primeiras grandes obras xeográficas. Un dos primeiros xeógrafos recoñecidos foi Estrabón, que no século I escribiu unha obra precisamente titulada *Xeografía*, na que describía detalladamente en dezasete volumes os diferentes territorios conquistados por Roma. Desde estes primeiros referentes até os nosos días temos multitude de exemplos nos que literatura e xeografía se mesturan, de tal xeito que desde hai algunhas décadas o estudo das relacións entre estes dous campos foi un ámbito específico de análise científico para diferentes investigadores, tanto procedentes do ámbito da xeografía como do estudo da literatura.

A finais do XIX a xeografía institucionalizouse como disciplina universitaria. Desde ese momento sucedéronse distintas correntes epistemolóxicas, a xeografía descritiva clásica xermana, a xeografía rexionalista da escola francesa, a escola cuantitativa anglosaxona ou a xeografía radical, moi estendida nos países non desenvolvidos. Nos anos 1930 xurdiu en Estados Unidos unha escola de pensamento denominada xeografía cultural cuxo máximo expoñente era Carl Sauer, quen afirmaba nos seus escritos que o que se percibe son sempre paisaxes culturais creados polo ser humano a partir de formas superpostas á paisaxe natural (Ortega 2000).

John Kirtland Wright, seguidor da corrente culturalista da xeografía, escribiu en 1947 un artigo titulado «Terra incognitae: the place of imagination in geography» no que introduciu o termo «Xeosofía», que definía como a ciencia que debía estudar o coñecemento xeográfico desde todos os puntos de vista, polo que se incluían ideas xeográficas verdadeiras e falsas, realidades e tópicos. No artigo diferenciaba distintos tipos de xeosofías como, por exemplo, a «xeosofía estética» que debía estudar as concepcións xeográficas na literatura e a arte.

Outra corrente posterior, a xeografía humanística, estudou o ser humano como individuo, buscando novas fontes de información para analizar as relacións entre este e o espazo, que non eran exclusivamente obxectivas e racionais, senón que estaban mediatizadas polas características diferenciais de cada persoa (Ortega 2000). Entre estes novos recursos destacaba a literatura, como un campo concreto da produción cultural dos homes e mulleres nos que a través das diferentes obras escritas se proxectaba unha determinada visión subxectiva dun territorio determinado. A literatura converteuse nunha fonte de primeira magnitude para analizar a «espacialidade» de individuos concretos ou lugares determinados a través de diferentes obras literarias, aparecendo entón estudos nos que se analizaba por exemplo a xeografía da obras de Julio Verne, Jorge Luis Borges, James Joyce o Emily Bronte e, no caso español, a literatura de Azorín, Pío Baroja, Joan Marsé ou as referencias sobre o territorio no Quixote de Miguel de Cervantes.

O xeógrafo norteamericano D.C. David Pocock editou en 1980 a obra *Humanistic Geography and Literature*, na que diferentes investigadores interpretaban a relación entre as obras literarias e a xeografía. Segundo Pocock podía falarse de tres modos distintos de relación entre ambas, unha primeira de «espello» na que a descrición literaria do espazo tratábase de xeito detallado, como se fose unha pintura feita con palabras, e outras dúas opcións nas que a subxectividade ou o coñecemento producía outro tipo de textos literarios nos que se introducía directamente ou indirectamente a xeografía persoal (Pocock 1980).

O seguidor da corrente humanística de maior proxección social é Yi-Fu Tuan, quen nos seus escritos mestura ciencia xeográfica e arte literaria continuamente. Nunha obra súa publicada en 1998 co suxerente título de *Escapismo*, afirma que o ser humano ten unha tendencia natural a evadirse da realidade, por iso loita por transformar o espazo e converter o rural en urbano e o urbano en rural, por iso se producen as migracións humanas e por iso temos o costume de soñar que somos outras persoas noutros lugares. Tuan defende neste libro que a cultura non é outra cousa que un mecanismo de evasión da natureza, unha fuxida individual e colectiva da nosa condición de animais.




Figura 1. Portadas das obras de Douglas C.D. Pocock e Yi-Fu Tuan

En España, dentro da discusión teórica sobre o papel da xeografía na literatura podemos sinalar a Carles Carreras (1985 e 1988), Joan Vilagrassa (1988), Emilio López Ontiveros (1991), Eduardo Martínez de Pisón (1998), Nicolas Ortega (2002), Félix Pillet (2002), Juan Manuel Suárez-Japón (2002) ou Miguel Panadero (2004), investigadores que entre os seus estudos analizaron a obra dun determinado autor para faceren referencia ás cuestións xeográficas que se desprendían da súa obra literaria. Carles Carreras, no seu artigo «Paisaje urbano y novela», publicado en 1988, vai un pouco máis alá e establece unha formulación teórica na que establece unha tipoloxía da importancia xeográfica do lugar na literatura, falando da xeografía como escenario, como ambiente e como protagonista, nunha graduación ascendente en relación á influencia e presenza do lugar nas novelas (Carreras 1988).

Desde o punto de vista da teoría da literatura, só recentemente se ten analizado a importancia da creación literaria en relación ao coñecemento xeográfico, máis alá do enfoque factualista e determinista da crítica tradicional. Un especialista nesta relación é o profesor da Universidade de Santiago de Compostela César Pablo Domínguez Prieto, quen afirma nos seus escritos que a xeografía literaria é un campo de investigación emerxente enmarcado na reorientación que a reflexión poetolóxica experimentou nas últimas décadas desde as categorías temporais ás espaciais (Domínguez, 2010). Nesta confluencia entre disciplinas científicas a literatura constrúe xeografías, ata o punto de que o noso coñecemento dos espazos prodúcese en moitas ocasións grazas ás obras literarias (Domínguez 2010).

Máis alá da análise tradicional da representación dos espazos nas obras individuais, o profesor Domínguez Prieto, a través da literatura comparada, trata de estudar a xeoliteratura como lugar de interrelación dialéctica do territorio, os espazos culturais e as literaturas.

Nos últimos anos, as relacións entre xeografía e literatura teñen sido aproveitadas especialmente pola promoción de algúns lugares como destinos turísticos ou, máis concretamente, para xerar a súa transformación de destino en produto turístico (López 1991). Da interrelación entre xeografía, turismo e literatura xorden novos produtos culturais, como as guías turísticas literarias, que analizaremos máis adiante.

## **2. Os libros de viaxes, o romanticismo e o uso da literatura no ensino da xeografía**

Comentábamos ao comezo do apartado anterior que as vinculacións existentes entre literatura e xeografía, desde os primeiros textos da antigüidade que narraban os episodios bélicos dunha determinada civilización, foron constantes ao longo de toda a historia. As obras de Estrabón, os códices medievais de peregrinación, os libros de viaxes dos séculos XVI e XVII, as obras do romanticismo, forman parte dese tipo de relación directa entre literatura e xeografía que Pocock definía como de espello (Pocock 1980), con descrições literarias detalladas do espazo onde transcorre a acción. Era, do mesmo xeito, a visión determinista e factual da crítica literaria tradicional, centrada en analizar como son representados os espazos concretos nas obras literarias dun determinado autor. Porén, as obras literarias contemporáneas, ou incluso a revisión contemporánea de obras anteriores, procuran transcender de esa visión plana da relación entre literatura e xeografía, buscando vinculacións subxectivas e implícitas nas palabras empregadas por escritores e escritoras.

A evolución da interrelación científica entre xeografía e literatura ven marcada pola propia evolución da historia da ciencia, pasando da racionalidade positivista ao materialismo histórico ou ao antropocentrismo, para chegar finalmente ás correntes epistemolóxicas posmodernas ou posestruturalistas das últimas décadas nas que, lonxe de visións reducionistas ou unidireccionais, se opta polas teorías complexas que introducen modelos poliédricos para explicaren os procesos de creación humana, como podan ser a literatura ou a construción social do espazo.

Antes de pasar a describir as investigacións máis recentes sobre as interrelacións dialécticas entre territorios e literaturas, ímonos deter nalgúns elementos concretos e tradicionais de relación entre a xeografía e a literatura, como son os libros de viaxe e o romanticismo literario.

Os libros de viaxe son un xénero literario que, podemos dicir, ten avanzado pouco desde *A Odisea*. A viaxe *per se* é un dos maiores argumentos literarios, pois unha viaxe sempre é descubrimento e, por tanto, algo novidoso e noticioso que merece ser rememorado e perpetuado. Normalmente a viaxe é externa e interna, pois o descubrimento de novos lugares e persoas leva parello unha viaxe interior de análise e recoñecemento do propio ser. Este xénero é o de maior relación evidente entre xeografía e literatura, e ten servido ao longo da historia como verdadeiros compendios de coñecemento xeográfico.

Un dos máis famosos libros de viaxe foi o que relata as aventuras de Marco Polo a través do continente asiático a finais do século XIII. Para o pai da xeografía moderna, Alexander von Humboldt, Marco Polo foi o maior viaxeiro de todos os tempos e de todos os países. O propio Humboldt foi un gran viaxeiro que documentou nunha prolífica obra científica os seus coñecementos sobre o mundo. As súas obras científicas distan moi pouco das obras literarias de este xénero de viaxes, pois en ambos casos o que se fai é describir en detalle as características físicas do territorio que se visita e os costumes sociais dos pobos alí asentados.

Falando das relacións entre xeografía e literatura non deixa de ser un paradoxo que o seu irmán Wilhelm von Humboldt fose un gran lingüista, chegando a ser considerado o pai da lingüística estrutural.

Dentro da historia da literatura hai un período no que a literatura volve fixar a súa ollada na natureza e nas paisaxes, foi durante o Romanticismo, un movemento cultural que naceu a finais do século XVIII en contraposición ao racionalismo da Ilustración, e que dominou a creación artística durante a primeira metade do século seguinte. O romanticismo concedeu unha importancia extraordinaria á paisaxe, tanto en termos literarios e artísticos, como desde o punto de vista intelectual e científico. Na paisaxe viu a máis acabada expresión da orde da natureza e do universo (Ortega 1999). Unha reacción fronte á racionalidade e o materialismo do ser humano que buscaba na imperfección da natureza a máxima calidade do verdadeiro.

O romanticismo é tempo tamén de novas viaxes literarias e do asentamento dun novo fenómeno que se magnificará nos últimos anos do século XX, a aparición do turista literario, unha persoa de alto poder adquisitivo que quere visitar os lugares que aparecen nas súas obras favoritas, para recrear no propio espazo as emocións que lle puido producir a lectura de determinadas pasaxes literarias.

A descrición dos espazos correspóndese coa relación máis directa e simple de xeografía e literatura, é a crítica tradicional ou a xeografía descritiva tradicional, un modo sinxelo de contar aos lectores o que ve o autor ou autora.

Esta descrición dos lugares con calidades artísticas fai que a literatura se converta nunha ferramenta educativa de primeiro orde, cando se conxugan xeografía humanística e aprendizaxe significativo. Este feito permite desenvolver unha nova fórmula de aprender xeografía a través dos textos literarios. Unha modalidade moi estendida en países como Estados Unidos, onde forma parte do curriculum obrigatorio do ensino primario e secundario, e tamén investigada por xeógrafos españois, con algunhas interesantes propostas de unidades didácticas (Boira 1995; Carreras 1998; Marrón 2001).




Figura 2. Aprendendo xeografía a través da literatura

### 3. As novas interrelacións entre xeografía e literatura

Desde finais do século pasado, as conexións entre xeografía e literatura fixéronse moito máis próximas, seguindo o cambio de interese da crítica literaria desde os factores históricos aos espaciais. Xa non se trata unicamente de describir senón de explicar interrelacións e cuestións subxectivas.

Un exemplo evidente deste feito é a aparición en 1996 do *Atlas da Literatura* de Sir Malcolm Bradbury, no que se analizan os lugares descritos nunha serie de novelas, en oito períodos distintos da creación literaria, buscando as interrelacións destas paisaxes e territorios cos autores e a súas novelas. Un ano despois, en 1997, publícase en Italia o *Atlas da Novela Europea 1800-1900* de Franco Moretti, no que se cartografían multitude de lugares que aparecen en determinadas obras cume da literatura europea. Moretti explica que o seu obxectivo é demostrar que a xeografía é un aspecto decisivo do desenvolvemento e da invención literaria, unha forza que deixa as súas pegadas nos textos, nas tramas, e nos sistemas de expectativas.



Figura 3. Portadas dos Atlas literarios e localización dos casos de Sherlock Holmes

Máis recentemente, a aparición das tecnoloxías de información xeográfica permiten proxectos innovadores como o Atlas literario de Europa do Instituto Cartográfico de Zurich, no que se intenta superar a imaxe estática dos atlas anteriores. Na páxina web [www.literaturatlas.eu](http://www.literaturatlas.eu) pódense consultar os avances de este traballo liderado pola profesora de estudos literarios Barbara Piatti. O obxectivo de este proxecto é trazar, sobre un sistema de información xeográfica, as características espaciais das obras literarias escritas desde 1750 que se desenvolven en tres áreas determinadas, unha rexión alpina suíza, o territorio costeiro alemán de Nordfriesland e a cidade de Praga.

O avance das novas tecnoloxías xeoespaciais permite proxectos de gran interese e colaborativos que avanza día a día coa axuda desinteresada de profesores e investigadores de todo o mundo. Relacionado co ámbito do ensino se atopa o proxecto docente *Google Lit Trips* creado polo profesor John Burg que vincula as obras literarias cos seus espazos reais a través das ferramentas gratuítas de *Google Earth*. O proxecto iniciado en Estados Unidos ten seguidores en todo o mundo, maiormente docentes que como práctica de curso realizan cos seus alumnos un novo autor ou novela que subir á páxina matriz [www.googlelittrips.org](http://www.googlelittrips.org), como recentemente ten ocorrido coas viaxes de Marco Polo dun profesor de literatura da Universidade de Notre Dame ou con *Os Lusíadas* de Luis Vaz de Camões, traballo feito pola profesora de lingua portuguesa Teresa Pombo Pereira. A este proxecto pertence a imaxe da figura 4 na que aparece representada *A Odisea* de Homero, proxecto realizado polo profesor canadense de ensino secundario Matthew Hart, con información relevante de cada lugar con só chegar o rato a esas coordenadas xeográficas.





(Arroyo 2008). Na Editorial Everest, tamén se teñen publicado moitas guías escritas por autores literarios e por xeógrafos, destacando o caso concreto de Ramón Otero Pedrayo que aglutinaba esas dúas facetas cando escribiu a súa guía de Ourense en 1972.

Un caso particular son as Guías *Le goût* da editorial francesa Mercure. Nestas guías entrecrúzanse parágrafos de autores literarios sobre esas cidades, extraídos das súas novelas, como fío argumental. Así, por exemplo, na guía sobre Barcelona fíanse textos de Théophile Gantier, Eduardo Mendoza, Manuel Vazquez Montalbán, Francisco Gonzales Ledesma, Andreu Martín, Paul Morand ou Pedro Zarralulci; na de Madrid extractos de Cervantes, José Ortega y Gasset, Saint-Simon, Casanova, Chateaubriand, Alfred de Musset, Antonio Muñoz Molina, Juan Benet, André Malraux, Gérard de Cortanze, ou Jorge Semprún e, na de Lisboa, aparecen autores como Antonio Tabucchi, Fernando Pessoa, José Saramago, Miguel Torga, António Lobo Antunes, José Cardoso Pires, Eça de Queirós ou Virgílio Ferreira.



Figura 5. Guías turísticas da editorial Mercure da serie *Le goût*

Un dos tipos de turismo que experimentou nos últimos anos un maior crecemento é o turismo cultural, isto é, o desprazamento con motivacións culturais variadas, como visitar museos, asistir a espectáculos musicais, participar nun gran evento de carácter internacional ou coñecer lugares «famosos» ou «de moda» por algún motivo concreto.

Vivimos en palabras de P. Drucker (1998) na sociedade do coñecemento, unha sociedade evolucionada e moderna que consume cultura en múltiples formatos. Un de eses formatos é o turismo, que xa non se concibe como un tempo de recreación nun lugar tranquilo e afastado da residencia habitual, senón que debe incluír obrigatoriamente un aproveitamento cultural que resarza a nosa necesidade de facer cousas e visitar lugares, chegando en ocasións a banalizar por completo un produto

cultural excesivamente publicitado polos medios de consumo de masas. Sobran exemplos.

O turismo literario hai cen anos era un luxo só alcanzable pola alta burguesía ilustrada, que era capaz de percorrer Europa en busca dos lugares descritos por Lord Byron, ou Mary Shelley, ou visitar a casa onde viviu Proust ou Victor Hugo. Hoxe en día, cun consumo cultural de masas, miles de persoas visitaron os pobos británicos que aparecían descritos na novela *O código Da Vinci*; alentados por unha intelixente campaña do goberno do Reino Unido, moitas persoas visitaron a catedral de Vitoria na «exposición» «Aberta por obras» protagonizada pola figura de Ken Follet, o autor do best seller *Os piores da Terra*, e seguro que un bó número de turistas está agora mesmo percorrendo Estocolmo, buscando as múltiples referencias xeográficas que aparecen na triloxía *Millennium* de Stieg Larsson.

Este tipo de turismo literario mestura referencias literarias e xeográficas, nun cóctel contemporáneo no que a realidade preséntase sublimada. Ao chegaren a eses sitios adornados coa prosa de Larsson, Cervantes ou Risco, suponse que os visitantes debemos sentir algo especial, non debe ser apenas unha visita senón unha experiencia que nos transporte dalgún xeito ás propias páxinas, para así acompañar a Mikael Blomkvist, Don Alonso Quijano ou Don Celidonio, polas canles de Estocolmo, as casas de venta manchegas ou as rúas de Ourense.



Figura 6. Imaxes de Turismo literario

#### 4. A modo de conclusión. Espazo real e espazo imaxinado

Nestas páxinas puidemos comprobar como xeografía e literatura son dúas creacións humanas con puntos coincidentes e camiños evolutivos que presentan fases de

solapamento. Desde os relatos mitolóxicos ás novelas posmodernas, o espazo figura como escenario da acción, pero ás veces ese marco físico ten tanta importancia que pode converterse no verdadeiro protagonista do relato.

Tanto os xeógrafos como os críticos literarios se decataron da importancia destas interseccións cos cambios epistemolóxicos das súas respectivas disciplinas, chegando no momento presente a representar un ámbito de coñecemento emerxente e cun gran desenvolvemento grazas ás novas tecnoloxías de información xeográfica, con atlas literarios dixitais e referencias espaciais e cartográficas en tempo real.

As novas tecnoloxías son verdadeiramente un gran amplificador das relacións entre literatura e xeografía, tanto desde o punto de vista do proceso de ensinanza e aprendizaxe, como desde as novas posibilidades que ofrecen os *e-books*.

Por outro lado, o turismo, como gran fenómeno social do presente, participa a través do turismo literario e das guías turísticas literarias destas novas relacións entre xeografía e literatura.

O espazo convértese en lugar pola acción do home, habitamos espazos construídos socialmente que identificamos con nomes concretos como lugares. A literatura sublima eses lugares transformándoos nunha nova realidade que transcende da simple descrición obxectiva, pois engade valoracións persoais e sentimentos aos lugares que nós pretendíamos coñecer. A cidade soñada é unha cidade feita de palabras escritas, e sempre preferimos esa imaxe idealizada á cidade triste e real das nosas rutinas cotiás.

Cabe pensar se coa presente carga de hiperrealidade seremos capaces de seguir soñando cidades mellores que aquelas nas que habitamos.

### **Referencias bibliográficas**

Arroyo Ilera, F. (2008): «Geografía, literatura e ideoloxía en la segunda mitad del siglo XX: las «Guías de España» de Ediciones Destino», *Estudios Geográficos*, LXIX, 265, 417-452.

Boira Maiques, V. / Reques Velasco, P. (1995): «Fuentes literarias y documentales en Geografía» en Marrón Gaité, M. J. / Moreno Jiménez, J. (eds.), *Enseñar Geografía de la Teoría a la Práctica*, 277-295 (Madrid: Síntesis).

- Bradbury, M. (ed.) (1996): *The Atlas of Literature* (Londres: de Agostini).
- Carreras, C. (1985): «La ciutat de Barcelona a les novel·les de Joan Marsé», *Revista Catalana de Geografia* 1, 46-58.
- Carreras, C. (1988): «Paisaje urbano y novela», *Estudios Geográficos* 191, 165-187.
- Carreras, C. (1998): «El uso de los textos literarios en Geografía», en García Ballesteros, A. (coord.), *Métodos y técnicas cualitativas en geografía social*, 163-175 (Barcelona: Oikos Tau).
- Domínguez Prieto, C. P. (2010): «Historiography and the geo-literary imaginary. The Iberian Peninsula: Between Lebensraum and espace vécu», en Cabo, F. / Abuín, A. / Domínguez, C. (eds.): *A comparative History of Literatures in the Iberian Peninsula*, 53-132 (Amsterdam: John Benjamins).
- Drucker, P. (1998): *La sociedad poscapitalista* (Barcelona: Apóstrofe).
- López de Letona, J. A. (1991): «Lo literario y el turismo», *Estudios Turísticos* 110, 47-64.
- López Ontiveros, A. (1991): *La imagen geográfica de Córdoba y su provincia en la literatura viajera de los siglos XVIII y XIX* (Córdoba: Caja de Ahorros de Córdoba).
- Marrón Gaité, M. J. (2001): «Geografía y Literatura: Un itinerario didáctico para la enseñanza aprendizaje a partir del Lazarillo de Tormes», en Martín Gaité, M. J. (ed.), *La formación didáctica de los ciudadanos en el cambio de milenio*, 305-336 (Madrid).
- Martínez de Pisón, E. (1998): *Imagen del paisaje. La Generación del 98 y Ortega y Gasset* (Madrid: Caja Madrid).
- Moretti, F. (1997): *Atlante del Romanzo Europeo 1800-1900* (Turín: Einaudi).
- Ortega Cantero, N. (1999): «Romanticismo, paisaje y Geografía. Los relatos de viajes por España en la primera mitad del siglo XIX», *Ería* 49, 121-128.

Ortega Cantero, N. (2002): «Paisaje e identidad nacional en Azorín», *Boletín de la A.G.E.* 34, 119-131.

Ortega Valcárcel, J. (2000): *Los horizontes de la Geografía* (Barcelona: Ariel).

Panadero Moya, M. (2004): «El espacio geográfico del Quijote», *Estudios Geográficos* 256, 471-496.

Pillet Capdepón, F. (2002): «De la ficción a la percepción. Del Quijote a la Mancha literaria», *Boletín de la A.G.E.* 34, 147-157.

Pocock, D. C. D. (ed) (1980): *Humanistic Geography and Literature* (London: Croom Helm).

Suárez-Japón, J. M. (2002): «Geografía y literatura en los escritos de vida de José Manuel Caballero Bonald», *Boletín de la A.G.E.* 34, 133-146.

Tuan, Y.-F. (2003): *Escapismo* (Madrid: Península).

Vilagrasa, J. (1988): «Novela, espacio y paisaje: sugerencias para una Geosofía estética», *Estudios Geográficos* 191, 271-285.

Wright, J. K. (1947): «Terra incognitae: The Place of Imagination in Geography», *Annals of the Association of American Geographers* 37, 1-15.